



**Concello de Dumbría**

Estrada de Dumbría, s/n 15151 Dumbría - A Coruña

Tlf. 981 744 001

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Asistentes

PRESIDENTE: JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO

SECRETARIO: MANUEL LÓPEZ CANOSA

VOCAL: CONSTANTINO COBAS COTELO

No Concello de Dumbría, sendo as nove horas do día 18 de outubro de dous mil vinte e dous, constitúese a mesa de contratación ao obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día, en relación á licitación **2022/C005/000002 - Suministro para implantación de 1 camión punto limpo móbil no Concello de Dumbría**, co seguinte orde do día:

*1.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente: 2022/C005/000002 - Suministro para implantación de 1 camión punto limpo móbil no Concello de Dumbría.*

*2.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente): 2022/C005/000002 - Suministro para implantación de 1 camión punto limpo móbil no Concello de Dumbría.*

*3.- Proposta de adjudicación: 2022/C005/000002 - Suministro para implantación de 1 camión punto limpo móbil no Concello de Dumbría.*

Iníciase a sesión e procédese ao descifrado e apertura dos arquivos electrónicos presentados a través da plataforma de contratos do sector público, da única empresa que concorre a esta licitación.

Logo de revisar a documentación aportada, esta cumpre tódolos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que a mesa acorda admitir a única oferta presentada polo licitador VEHICULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L. (B15134182)

A continuación procédese á valoración da oferta económica, de conformidade co establecido como criterios de valoración no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación, co seguinte resultado:

- PREZO: 47.810 € I.V.E. 21%: 10.040,10 € TOTAL: 57.850,10 € Puntuación: 95

- Implantación dun sistema de xestión ambiental certificado na empresa: Cumpre Puntuación: 5

De acordo coa valoración da proposta aportada, a mesa propón para a adjudicación a oferta do licitador VEHICULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L., por ser a única empresa presentada, cunha puntuación total de 100 puntos.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta e dous minutos, dáse por rematada a sesión, redactándose a presente acta, que firman os membros da mesa en proba de conformidade.